



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

IES de BARRO

DEPARTAMENTO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 2021-22



PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA DO  
DEPARTAMENTO  
DE BIOLOXÍA E  
XEOLOXÍA

I.E.S DE BARRO

CURSO 2021- 2022



## ÍNDICE

|            |   |            |
|------------|---|------------|
| <b>1.</b>  | <b>INTRODUCCIÓN.....</b>  | <b>1</b>   |
| <b>2.</b>  | <b>BASE LEXISLATIVA DA PROGRAMACIÓN.....</b>  | <b>2</b>   |
| <b>3.</b>  | <b>CONTEXTO EDUCATIVO.....</b>  | <b>3</b>   |
| <b>4.</b>  | <b>GRUPOS E COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO.....</b>  | <b>4</b>   |
| <b>5.</b>  | <b>OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....</b>   | <b>4</b>   |
| <b>6.</b>  | <b>CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</b>  | <b>5</b>   |
|            | 6.1 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).....  | 6          |
|            | 6.2 Comunicación lingüística (CL).....  | 7          |
|            | 6.3 Competencia dixital (CD).....   | 8          |
|            | 6.4 Conciencia e expresións culturais (CCEC).....   | 8          |
|            | 6.5 Competencias sociais e cívicas (CSC).....   | 9          |
|            | 6.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).....   | 9          |
|            | 6.7 Aprender a aprender (CAA).....  | 10         |
|            | 6.8 Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.....  | 11         |
| <b>7.</b>  | <b>RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE CADA UN DELES, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.....</b> | <b>32</b>  |
|            | 1º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....   | 23         |
|            | 3º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....   | 39         |
|            | 4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....   | 61         |
|            | 4º ESO CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL.....   | 80         |
| <b>8.</b>  | <b>MATERIAIS E RECURSOS.....</b>  | <b>99</b>  |
| <b>9.</b>  | <b>METODOLOXÍA.....</b>   | <b>100</b> |
|            | PLAN DE CONTINXENCIA: METODOLOXÍA PARA O ENSINO NON PRESENCIAL.....   | 103        |
| <b>10.</b> | <b>AVALIACIÓN.....</b>  | <b>104</b> |
|            | 10.1 AVALIACIÓN INICIAL.....  | 104        |
|            | 10.2 AVALIACIÓN CONTÍNUA.....   | 105        |
|            | Procedementos de avaliación.....  | 105        |
|            | Instrumentos de avaliación.....   | 105        |
|            | 10.3 AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.....   | 107        |
|            | Instrumentos e procedementos de avaliación.....   | 107        |
| <b>11.</b> | <b>CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....</b>   | <b>107</b> |
|            | 1º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....   | 110        |
|            | 3º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....   | 110        |



|  |            |
|--|------------|
| 4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....  | 111        |
| 4º ESO CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL (CAAP).....                               | 111        |
| CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA.....   | 111        |
| <b>12. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.....</b> | <b>111</b> |
| Criterios de cualificación das materias pendentes:.....                                      | 112        |
| <b>13. PLAN DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO REPETIDOR.....</b>                               | <b>113</b> |
| <b>14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....</b>  | <b>113</b> |
| 14.1 Reforzo e ampliación.....   | 113        |
| 14.2 Adaptacións curriculares.....   | 114        |
| Adaptacións na temporalización da aprendizaxe.....   | 115        |
| Adaptacións na metodoloxía da aprendizaxe.....   | 115        |
| Adaptacións nos criterios e instrumentos de avaliación:.....                                 | 115        |
| 14.3 Outras medidas individuais e colectivas a adoptar.....                                  | 116        |
| <b>15. TEMAS TRANSVERSAIS.....</b>   | <b>118</b> |
| 15.1 Educación ambiental.....  | 118        |
| 15.2 Educación para a saúde.....   | 119        |
| 15.3 Educación sexual.....   | 119        |
| 15.4 Educación para o consumidor.....  | 119        |
| 15.5 Educación non sexista.....  | 120        |
| <b>16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....</b>  | <b>120</b> |
| 1º de E.S.O.....   | 120        |
| 3º de E.S.O.....   | 120        |
| 4º de E.S.O.....   | 120        |
| <b>17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.....</b>                                | <b>121</b> |
| <b>18. ACCIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....</b>      | <b>121</b> |
| <b>19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>                                 | <b>122</b> |
| 1º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....  | 123        |
| 3º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....  | 123        |
| 4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....  | 123        |
| 4º ESO CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL.....                                      | 123        |
| <b>20. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.....</b>       | <b>124</b> |
| <b>21. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO DA PRÁCTICA DOCENTE.....</b>    | <b>136</b> |
| Indicadores de logro do proceso de ensino.....   | 136        |
| Indicadores de logro da práctica docente.....  | 137        |



|            |  |            |
|------------|--|------------|
| <b>22.</b> | <b>MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....</b> | <b>138</b> |
| <b>23.</b> | <b>ANEXO MODIFICACIÓNS Á PROGRAMACIÓN DO CURSO 2021/2022 DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.....</b>   | <b>140</b> |



## 1. INTRODUCCIÓN

Na sociedade actual, a ciencia é un instrumento para comprender o mundo que nos rodea e as súas transformacións, así como para desenvolver actitudes responsables sobre aspectos ligados á vida, á saúde e o medio ambiente.

A finalidade da ensinanza da a Bioloxía e Xeoloxía é a de proporcionar unha formación científica básica que capacite a todo o alumnado para adquirir unha alfabetización no eido da ciencia.

Non se trata, unicamente de adquirir coñecementos relacionados coa bioloxía e a xeoloxía, senón de que o alumnado aprenda a observar e a reflexionar sobre situacións reais, recoller datos, tomar decisións, ter curiosidade, iniciativa, motivación e moitos outros aspectos que o leven a un mellor desenvolvemento do seu contorno e a un mellor benestar social. A bioloxía e a xeoloxía deberá tamén contribuír a que as persoas melloren a súa autoestima e a superar prexuízos, respectar diferenzas e participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, mediante o uso do diálogo e respectando a diversidade cultural.

Os bloques "Habilidades, destrezas e estratexias. Metodoloxía científica" e o bloque "Proxecto de investigación" son comúns a primeiro e a terceiro de ESO. Dado que a bioloxía e xeoloxía son disciplinas de carácter científico, debemos ter sempre eses bloques como marco de referencia no desenvolvemento do currículo. Non se trata, por tanto, de bloques illados e independentes dos demais, senón que están implícitos en cada un deles e son a base para a súa concreción.

En Bioloxía e Xeoloxía de primeiro de ESO, o currículo parte do mundo macroscópico, observable e identificable polo alumnado (como a Terra no Universo), para se achegar en terceiro de ESO a un nivel máis abstracto (estudo microscópico da célula e do corpo humano).

Finalmente, no cuarto curso da ESO iníciase ao alumnado nas grandes teorías que permitiron o desenvolvemento máis actual desta ciencia desde a tectónica de placas, pasando pola teoría celular e a teoría da evolución, para finalizar co estudo dos ecosistemas e os seus desequilibrios.

Ao longo das etapas de ESO, a materia de Bioloxía e Xeoloxía permitirá ao alumnado desenvolver as competencias clave que se inclúen no currículo, así como as estratexias do método científico.



## 2. BASE LEXISLATIVA DA PROGRAMACIÓN

O proxecto didáctico que se presenta a continuación para o curso 2021-2022, está baseado na seguinte lexislación:

- **Decreto 324/1996**, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- **Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación.
- **Orde do 23 de xuño de 2008** pola que se modifica o Decreto do 21 de decembro de 2007 polo que se regula a avaliación na educación secundaria en Galicia.
- **Real decreto 132/2010**, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten o segundo ciclo de educación infantil, educación primaria e educación secundaria.
- **Decreto 229/2011** de atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- **Artigo 20 do Real decreto 1105/2014**, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico para a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- **Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro**, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- **Orde ECD 1361 / 2015, do 3 de xullo**, pola que se establece o currículo de ESO e Bacharelato para a área de xestión do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes e se regula a súa implantación, así como a avaliación continua e determinados aspectos organizativos das etapas.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Orde do 15 de xullo de 2015** pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- **Orde de 19 de maio de 2021** pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento





das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22

- **Protocolo de adaptación al contexto de la Covid-19 en los centros de enseñanza no universitaria de Galicia para el curso 2021-2022** aprobado en el Comité Clínico de 06 de julio de 2021 para dar respuesta a las medidas y particularidades establecidas en la Orden Comunicada de la ministra de sanidad, de 4 de junio de 2021, mediante la que se aprueba, en coordinación con la conferencia sectorial de educación, la declaración de actuaciones coordinadas en salud Pública frente a la Covid-19 para centros educativos durante el curso 2021-2022 que entrarán en vigor una vez finalice el curso escolar 2020-2021.

### 3. CONTEXTO EDUCATIVO

O **IES de BARRO**, e un centro pequeno onde se imparten os catro cursos da ESO. Aínda que o centro esta preto de Pontevedra, é un concello de pouco máis de 3.500 habitantes cun marcado carácter rural, cunha alta dispersión da poboación e economicamente dependente da agricultura, os servizos e moi pouca industria. Todo isto conforma un nivel cultural das familias baixo, o que se fai notar nos alumnos, inda que o interese xeral e de que os nenos progresen.

No ámbito familiar predominan as familias compostas polo matrimonio e dous fillos, na maioría dos casos as nais non entran no mundo laboral e en moitos casos comparten vivenda con avós ou outros familiares. O nivel de estudos da maioría de pais e nais é de primaria, sendo poucos os que acadaron os estudos de grado medio, e moi poucos estudos universitarios. A lingua utilizada maioritariamente é o Galego. Case que todas as familias consideran importante que sexa fluída a relación có Instituto.

Os alumnos/as teñen idades adolescentes. A oferta educativa é unicamente de Ensinanza Secundaria Obrigatoria. A meirande parte dos alumnos/as do I.E.S. considera a xornada lectiva diaria suficiente para aprender e lle dedican pouco tempo na casa polas tardes, salvo na época de exames. Prefiren como instrumentos de avaliación os traballos de clase ou en equipo, rexeitando os exames e as preguntas en clase. Soamente a una pequena parte lles agrada o que teñen que estudar .

O tempo libre é ocupado principalmente en: tv, traballos domésticos e outras ocupacións como xogos, redes sociais, actividades deportivas, actividades musicais. Case que todos teñen ordenador pero non sempre con conexión a internet. Hai un número considerable que non descubriron o pracer da lectura.

Algo máis da metade opinan que o Regulamento de Réxime Interno é o adecuado. No referente as aspiracións, ó rematar a ESO, aproximadamente as 2/3 partes desexan seguir estudando un ciclo formativo ou o bacharelato, por esta orde. Valoran moito a relación cós compañeiros. Un pouco menos a relación có profesorado. Cren que o Instituto tense que ocupar sa ensinanza da informática, dos problemas sociais, da



educación sexual e da conservación do medio ambiente. En menor medida, traballar a educación para a saúde, a educación vial ou a educación para a paz.

O funcionamento do Centro e o ambiente son excelentes, xa que os grupos son pequenos e non temos alumnos conflictivos.

O horario de permanencia no centro para o alumnado é os luns de 8:15 a 17:40. Os outros días da semana, o horario esténdese dende as 8:15 ata as 14:00.

#### 4. GRUPOS E COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO

As materias impartidas polo departamento no presente curso 20/21 son as seguintes:

| NIVEL  | GRUPOS | HORAS SEMANAIS |
|--|--------|----------------|
| 1º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA                         | 2      | 4              |
| 3º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA                         | 1      | 2              |
| 4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA                         | 1      | 3              |
| 4º ESO CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL | 1      | 3              |

Durante o curso escolar 2021-2022 o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía estará constituído por Dona Patricia Carracedo Durán (Xefa de Departamento). As Reunións Ordinarias do Departamento terán lugar unha vez ao mes, sendo o mércores de 11:00-11:50, nela levantarase acta dos asuntos abordados en cada unha das sesións.

#### 5. OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que



supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

**d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

**e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

**f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

**h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

**i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

**l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

**m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

**n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

**ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

**o)** Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 6. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O proxecto DeSeCo (2003) da OCDE define competencia como “a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma axeitada”. Reflectidas xa na recomendación 2006/962/EC do Parlamento Europeo, o Decreto 86/2015 recolle da lexislación europea e estatal as sete competencias clave esenciais para o benestar das sociedades actuais, o crecemento económico e a innovación, e describe os coñecementos, as capacidades e as actitudes esenciais vinculadas a cada unha delas.

O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual: conceptos, principios, teorías, datos e feitos (coñecemento declarativo - saber dicir); un coñecemento relativo ás destrezas, referidas tanto á acción física observable como á acción mental (coñecemento sobre os procedementos - saber facer); e un terceiro compoñente que ten unha grande influencia sociocultural, e que implica actitudes e valores (saber ser).

Coñecidos estes aspectos xerais para o deseño e elaboración da programación é necesario establecer as metas a acadar no proceso de ensino aprendizaxe, metas que se materializan a través destas Competencias Clave.

Por todo iso que é preciso traballar con ideas, ser capaces de resolver problemas e tomar decisións en contextos cambiantes, poñendo en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversos, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. A continuación enuméranse, cunha breve análise da incidencia das materias que imparte o departamento na adquisición destas, as competencias clave:

### ***6.1 Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)***

A competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía inducen e fortalecen algúns aspectos esenciais da formación das persoas que resultan fundamentais para a vida. Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sostibilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vencelladas coa capacidade crítica e coa visión razoada e razoable das persoas. A aprendizaxe de conceptos e procedementos que posibiliten a comprensión de fenómenos xeolóxicos e biolóxicos; ademais, integraranse estratexias para saber definir e resolver problemas, deseñar pequenas investigacións, elaborar solucións e analizar e comunicar resultados.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica, etc.
- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor.
- Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.
- Respetar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.
- Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico
- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.

### **6.2 Comunicación lingüística (CL)**

A competencia en comunicación lingüística é o resultado da acción comunicativa dentro de prácticas sociais determinadas, nas cales o individuo actúa con outros interlocutores e a través de textos en múltiples modalidades, formatos e soportes. Estas situacións e prácticas poden implicar o uso dunha ou varias linguas, en diversos ámbitos e de xeito individual ou colectiva.

Esta visión da competencia en comunicación lingüística vinculada con prácticas sociais determinadas ofrece unha imaxe do individuo como axente comunicativo que produce, e non só recibe, mensaxes a través das linguas con distintas finalidades.

O alumnado poderá incorporar unha terminoloxía formal, rigorosa e concreta, para utilizar a linguaxe con máis precisión en contextos científicos. Por outra banda, a comunicación dos resultados de sinxelas investigacións propias favorece o desenvolvemento desta

competencia. As lecturas específicas desta área, permiten, así mesmo, a familiarización coa linguaxe científica.

Os descritores aos que lles daremos prioridade serán:

- Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.
- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos.

- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

### **6.3 Competencia dixital (CD)**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Esta competencia supón, ademais da adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías na alfabetización, a lectura e a escritura, un conxunto novo de coñecementos, habilidades e actitudes necesarias hoxe en día para ser competente nunha contorna dixital. Desenvólvese a capacidade de buscar, seleccionar e utilizar información en medios dixitais. Permite ademais familiarizarse cos diferentes códigos, formatos e linguaxes nos que se presenta a información científica (numéricos, modelos xeométricos, representacións gráficas, datos estatísticos).

Para iso, nesta área, traballaremos os seguintes descritores da competencia:

- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### **6.4 Conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de crecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e o patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas outras relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida

cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Desde as materias do departamento traballárase, fundamentalmente, cos seguintes criterios asociados a esta competencia:

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### **6.5 Competencias sociais e cívicas (CSC)**

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e as actitudes sobre a sociedade entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

Desde as materias impartidas polo departamento foméntase as actitudes tendentes á cooperación, a solidariedade, e a satisfacción do traballo realizado. Ademais, a alfabetización científica constitúe unha dimensión fundamental da cultura cidadá, que sensibiliza dos riscos que a Ciencia e a Tecnoloxía comportan, permitindo a confección dunha opinión propia fundamentada en feitos e datos reais. Para iso adestraremos os seguintes descritores:

- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Mostrar dispoñibilidade para participar activamente en ámbitos de participación establecidos.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.

### **6.6 Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Iso significa adquirir conciencia da situación onde intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou

habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos que se desenvolven as persoas, permitíndolles o desenvolvemento das súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe igualmente o cimento doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

Vai posibilitar unha xestión óptima de recursos materiais e persoais, polo que nesta área o alumnado crecerá en autonomía, en liderado, e verase capaz de acoller con entusiasmo calquera labor.

Desde as materias do departamento traballarase, fundamentalmente, cos seguintes criterios asociados a esta competencia:

- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de
- obxectivos

### **6.7 Aprender a aprender (CAA)**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto esixe, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender. Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante séntase protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con iso, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivarlle para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente.





Buscarase en todo momento unha aprendizaxe competencial, a través da adquisición dos contidos e da avaliación dos estándares de aprendizaxe cos que se relacionan estas competencias clave, tal e como se trata na orde ECD 65/2015.

**6.8 Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais.**

| PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO |   |
|--|---|
| Competencias clave                             | Estándares de aprendizaxe   |
| CCL  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.</li> <li>▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.</li> <li>▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.</li> <li>▪ BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.</li> <li>▪ BXB5.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.</li> </ul> |
| CD   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.</li> <li>▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso, utilizando diversos soportes.</li> <li>▪ BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</li> <li>▪ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.</li> </ul>                   |



PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe  |
|--------------------|--|
| CAA                | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.</li> <li>▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.</li> <li>▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.</li> <li>▪ BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos</li> <li>▪ BXB3.6.1. Clasifica e identifica animais e plantas a partir de claves de identificación.</li> <li>▪ BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.</li> <li>▪ BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.</li> <li>▪ BXB5.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.</li> <li>▪ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.</li> </ul> |
| CMCCT              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico, e exprésase de xeito correcto tanto oralmente como por escrito.</li> <li>▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.</li> <li>▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.</li> <li>▪ BXB2.1.1. Identifica as ideas principais sobre a orixe do Universo.</li> <li>▪ BXB2.2.1. Recoñece os compoñentes do Universo e do Sistema Solar, e describe as súas características xerais. ⌚ BXB2.3.1. Precisa as características que se dan no planeta Terra que permiten o desenvolvemento da vida nel, e que non se dan nos outros planetas.</li> </ul>  |



PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe   |
|--------------------|---|
|                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB2.4.1. Identifica a posición da Terra no Sistema Solar.</li> <li>▪ BXB2.5.1. Categoriza os fenómenos principais relacionados co movemento e a posición dos astros, e deduce a súa importancia para a vida.</li> <li>▪ BXB2.5.2. Interpreta correctamente en gráficos e esquemas fenómenos como as fases lunares e as eclipses, e establece a súa relación coa posición relativa da Terra, a Lúa e o Sol.</li> <li>▪ BXB2.6.1. Describe as características xerais dos materiais máis frecuentes nas zonas externas do planeta e xustifica a súa distribución en capas en función da súa densidade.</li> <li>▪ BXB2.6.2. Describe as características xerais da codia, o manto e o núcleo terrestre, e os materiais que os compoñen, e relaciona esas características coa súa situación.</li> <li>▪ BXB2.7.1. Identifica minerais e rochas utilizando criterios que permitan diferenciarlos.</li> <li>▪ BXB2.8.1. Recoñece a estrutura e a composición da atmosfera.</li> <li>▪ BXB2.8.2. Recoñece a composición do aire e identifica os contaminantes principais en relación coa súa orixe.</li> <li>▪ BXB2.8.3. Identifica e xustifica con argumentacións sinxelas as causas que sustentan o papel protector da atmosfera para os seres vivos.</li> <li>▪ BXB2.11.1. Recoñece as propiedades anómalas da auga en relación coas súas consecuencias para o mantemento da vida na Terra.</li> <li>▪ BXB2.12.1. Describe o ciclo da auga en relación cos seus cambios de estado de agregación.</li> <li>▪ BXB2.15.1. Describe as características que posibilitaron o desenvolvemento da vida na Terra.</li> <li>▪ BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.</li> <li>▪ BXB3.2.1. Identifica e recoñece exemplares característicos de cada un destes grupos, e salienta a súa importancia biolóxica.</li> <li>▪ BXB3.3.1. Discrimina as características xerais e singulares de cada grupo taxonómico.</li> <li>▪ BXB3.4.1. Asocia invertebrados comúns co grupo taxonómico ao que pertencen.</li> <li>▪ BXB3.4.2. Recoñece exemplares de vertebrados e asígnaos á clase á que pertencen.</li> <li>▪ BXB3.5.1. Detalla o proceso da nutrición autótrofa e relaciónao coa súa importancia para o conxunto de todos os seres vivos.</li> </ul> |



PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe  |
|--------------------|--|
|                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB3.5.2. Describe as características xerais e singulares dos principais grupos de plantas.</li> <li>▪ BXB3.7.1. Identifica exemplares de plantas e animais propios dalgúns ecosistemas ou de interese especial por seren especies en perigo de extinción ou endémicas.</li> <li>▪ BXB3.7.2. Relaciona coa súa adaptación ao medio a presenza de determinadas estruturas nos animais e nas plantas máis comúns.</li> <li>▪ BXB4.1.1. Identifica os compoñentes dun ecosistema.</li> <li>▪ BXB4.2.1. Recoñece e enumera os factores desencadeantes de desequilibrios nun ecosistema.</li> <li>▪ BXB5.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.</li> <li>▪ BXB5.3.1. Utiliza diferentes fontes de información, apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</li> <li>▪ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.</li> </ul> |
| CSC                | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.</li> <li>▪ BXB2.7.3. Recoñece a importancia do uso responsable e a xestión sustentable dos recursos minerais.</li> <li>▪ BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.</li> <li>▪ BXB2.10.1. Relaciona situacións en que a actividade humana interfere coa acción protectora da atmosfera.</li> <li>▪ BXB2.14.1. Recoñece os problemas de contaminación de augas doces e salgadas, en relación coas actividades humanas</li> <li>▪ BXB4.3.1. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.</li> <li>▪ BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</li> </ul>  |

PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º ESO

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe  |
|--------------------|--|
| CCEC               | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB2.7.2. Describe algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.</li> <li>▪ BXB3.1.1. Estima a importancia da biodiversidade e aplica criterios de clasificación dos seres vivos, relacionando os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.</li> <li>▪ BXB3.7.3. Identifica exemplares de plantas e animais propios dos ecosistemas galegos.</li> <li>▪ BXB5.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.</li> </ul>   |
| CSIEE              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.</li> <li>▪ BXB2.9.1. Relaciona a contaminación ambiental coa deterioración ambiental, e propón accións e hábitos que contribúan á súa solución.</li> <li>▪ BXB2.13.1. Comprende e identifica o significado da xestión sustentable da auga doce, e enumera medidas concretas que colaboren nesa xestión.</li> <li>▪ BXB4.3.1. Selecciona accións que preveñen a destrución ambiental.</li> <li>▪ BXB5.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</li> <li>▪ BXB5.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.</li> </ul> |

PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe  |
|--------------------|--|
| CCL                | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.</li> <li>▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.</li> <li>▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.</li> </ul> |

| PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO |   |
|--|---|
| Competencias clave                             | Estándares de aprendizaxe   |
|  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón</li> <li>▪ BXB6.5.2. Expresa con precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito.</li> </ul>  |
| CD   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.</li> <li>▪ BXB1.2.2. Transmite a información seleccionada de xeito preciso utilizando diversos soportes.</li> <li>▪ BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.</li> <li>▪ BXB6.3.1. Utiliza fontes de información apoiándose nas TIC, para a elaboración e a presentación das súas investigacións.</li> <li>▪ BXB6.5.1. Deseña pequenos traballos de investigación sobre animais e/ou plantas, os ecosistemas do seu contorno ou a alimentación e a nutrición humana, para a súa presentación e defensa na aula.</li> </ul>   |
| CAA  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.2.1. Procura, selecciona e interpreta a información de carácter científico a partir da utilización de diversas fontes.</li> <li>▪ BXB1.2.3. Utiliza a información de carácter científico para formar unha opinión propia e argumentar sobre problemas relacionados.</li> <li>▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.</li> <li>▪ BXB3.1.1. Interpreta os niveis de organización no ser humano e procura a relación entre eles.</li> <li>▪ BXB3.12.1. Deseña hábitos nutricionais saudables mediante a elaboración de dietas equilibradas, utilizando táboas con grupos de alimentos cos nutrientes principais presentes neles e o seu valor calórico.</li> <li>▪ BXB3.13.1. Valora e determina unha dieta equilibrada para unha vida saudable e identifica os principais trastornos da conduta alimentaria.</li> <li>▪ BXB4.8.1. Investiga acerca da paisaxe do seu contorno máis próximo e identifica algúns dos factores que condicionaron a súa modelaxe.</li> <li>▪ BXB4.12.1. Xustifica a existencia de zonas en que os terremotos son</li> </ul> |





| PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO            |   |
|---|---|
| Competencias clave  | Estándares de aprendizaxe   |
|   | <p>máis frecuentes e de maior magnitude.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB5.13.1. Valora e describe o risco sísmico e, de ser o caso, volcánico existente na zona en que habita, e coñece as medidas de prevención que debe adoptar.</li> <li>▪ BXB6.1.1. Integra e aplica as destrezas propias do método científico.</li> <li>▪ BXB6.2.1. Utiliza argumentos que xustifiquen as hipóteses que propón.</li> <li>▪ BXB6.4.1. Participa, valora e respecta o traballo individual e en grupo.</li> </ul>  |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ BXB1.1.1. Identifica os termos máis frecuentes do vocabulario científico e exprésase con corrección, tanto oralmente como por escrito.</li> <li>▪ BXB1.3.1. Coñece e respecta as normas de seguridade no laboratorio, e coida os instrumentos e o material empregado.</li> <li>▪ BXB1.3.2. Desenvolve con autonomía a planificación do traballo experimental, utilizando tanto instrumentos ópticos de recoñecemento como material básico de laboratorio, argumenta o proceso experimental seguido, describe as súas observacións e interpreta os seus resultados.</li> <li>▪ BXB2.1.1. Diferencia a materia viva da inerte partindo das características particulares de ambas.</li> <li>▪ BXB2.1.2. Establece comparativamente as analoxías e as diferenzas entre célula procariota e eucariota, e entre célula animal e vexetal.</li> <li>▪ BXB2.2.1. Recoñece e diferencia a importancia de cada función para o mantemento da vida.</li> <li>▪ BXB2.2.2. Contrasta o proceso de nutrición autótrofa e nutrición heterótrofa, e deduce a relación entre elas.</li> <li>▪ BXB3.1.2. Diferencia os tipos celulares e describe a función dos orgánulos máis importantes.</li> <li>▪ BXB3.2.1. Recoñece os principais tecidos que conforman o corpo humano e asóciaos á súa función.</li> <li>▪ BXB3.4.1. Recoñece as doenzas e as infeccións máis comúns, e relaciónaaas coas súas causas.</li> <li>▪ BXB3.4.2. Distingue e explica os mecanismos de transmisión das doenzas infecciosas.</li> <li>▪ BXB3.7.1. Explica en que consiste o proceso de inmunidade, e valora o papel das vacinas como método de prevención das doenzas.</li> <li>▪ BXB3.11.1. Discrimina o proceso de nutrición do da alimentación.</li> <li>▪ BXB3.11.2. Relaciona cada nutriente coa súa función no organismo, e</li> </ul> |



### PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe  |
|--------------------|--|
|                    | <p>recoñece hábitos nutricionais saudables.</p> <ul style="list-style-type: none"><li>▪ BXB3.14.1. Determina e identifica, a partir de gráficos e esquemas, os órganos, os aparellos e os sistemas implicados na función de nutrición, e relaciónao coa súa contribución no proceso.</li><li>▪ BXB3.15.1. Recoñece a función de cada aparello e de cada sistema nas funcións de nutrición.</li><li>▪ BXB3.16.1. Coñece e explica os compoñentes dos aparellos dixestivo, circulatorio, respiratorio e excretor, e o seu funcionamento.</li><li>▪ BXB3.17.1. Diferencia as doenzas máis frecuentes dos órganos, os aparellos e os sistemas implicados na nutrición, e asóciaas coas súas causas.</li><li>▪ BXB3.18.1. Especifica a función de cada aparello e de cada sistema implicados nas funcións de relación.</li><li>▪ BXB3.18.2. Describe os procesos implicados na función de relación, e identifica o órgano ou a estrutura responsables de cada proceso.</li><li>▪ BXB3.18.3. Clasifica os tipos de receptores sensoriais e relaciónaos cos órganos dos sentidos en que se atopan.</li><li>▪ BXB3.19.1. Identifica algunhas doenzas comúns do sistema nervioso e relaciónaaas coas súas causas, cos factores de risco e coa súa prevención.</li><li>▪ BXB3.20.1. Enumera as glándulas endócrinas e asocia con elas as hormonas segregadas e a súa función.</li><li>▪ BXB3.21.1. Recoñece algún proceso que teña lugar na vida cotiá no que se evidencie claramente a integración neuroendócrina.</li><li>▪ BXB3.22.1. Localiza os principais ósos e músculos do corpo humano en esquemas do aparello locomotor.</li><li>▪ BXB3.23.1. Diferencia os tipos de músculos en función do seu tipo de contracción, e relaciónaos co sistema nervioso que os controla.</li><li>▪ BXB3.25.1. Identifica en esquemas os órganos do aparello reprodutor masculino e feminino, e especifica a súa función.</li><li>▪ BXB3.26.1. Describe as principais etapas do ciclo menstrual e indica que glándulas e que hormonas participan na súa regulación.</li><li>▪ BXB3.26.2. Identifica os acontecementos fundamentais da fecundación, do embarazo e do parto</li><li>▪ BXB3.27.1. Discrimina os métodos de anticoncepción humana.</li><li>▪ BXB3.27.2. Categoriza as principais doenzas de transmisión sexual e argumenta sobre a súa prevención.</li></ul> |



## PERFIL COMPETENCIAL BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 3º ESO

| Competencias clave | Estándares de aprendizaxe  |
|--------------------|--|
|   |  |  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAAB4.5.2. Expressa con</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Coñece e aplica a</li> </ul>                            | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Actividade s libreta,</li> </ul>                                  |                            |            |    |                 |    | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>  |    |

| Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional. 4º de ESO |          |                         |  |                                   |                                  |                            |            |    |                 |    |    |    |
|--|----------|-------------------------|--|-----------------------------------|----------------------------------|----------------------------|------------|----|-----------------|----|----|----|
| Obx.   | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe  | Grao mínimo de consecución        | Actividades de aprendizaxe       | Instrumentos de avaliación | Nº sesións | UD | Temporalización |    |    | CC |
|  |          |                         |  |                                   |                                  |                            |            |    | A1              | A2 | A3 |    |
|  |          |                         | precisión e coherencia as conclusións das súas investigacións, tanto verbalmente como por escrito. | metodoloxía do método científico. | interactivas, vídeos, traballos. |                            |            |    |                 |    |    |    |

## 8. MATERIAIS E RECURSOS.

Procurarase a utilización de variedade de materiais e recursos didácticos, adaptados, en todo caso, ás características do alumnado, á situación sanitaria e aos contidos de cada curso. O Departamento ten asignados os seguintes recursos:

- Coleccións de rochas, fósiles e minerais dispoñibles no laboratorio de ciencias.
- Microscopios, lupas, preparacións microscópicas, e outros materiais de laboratorio.
- Esqueleto e modelos anatómicos.
- Infografías.
- Artigos de divulgación científica
- Encerado dixital e canón.
- Libros da biblioteca.
- Vídeos didácticos, previamente seleccionados e adaptados.
- Artigos de prensa, e outros textos de diversa procedencia que sexan de interese para a formación específica e integral do alumno.
- Carteis, folletos, fichas, etc.
- Webs de interese para o estudo das ciencias.
- Materiais elaborados polo profesorado.
- Ordenadores, web, aula virtual e materiais do proxecto EDIXGAL.
- Como outros departamentos do centro, terá acceso, sempre e cando o solicite, estea dispoñible e a situación xerada pola pandemia da COVID-19 o permita a aula de informática, así como o material didáctico (libros, DVDs) posto a disposición dos alumnos/as e profesores/as na biblioteca do centro.
- Portátil para a profesora proporcionado por o proxecto EDIXGAL.

| NIVEL E MATERIA                                    | LIBROS  |
|--|---------|
| 1º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA                         | Edixgal |
| 3º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA                         |         |
| 4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA                         |         |
| 4º ESO CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL |         |



## 9. METODOLOXÍA

A educación concíbese como un proceso construtivo no que a actitude que manteñen profesores e alumnos permite a aprendizaxe de forma significativa. O alumnado convértese en motor do seu proceso de aprendizaxe ao modificar eles mesmos os seus esquemas de coñecemento. O profesor exerce o papel de guía o poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas dos alumnos cos novos contidos.

Co criterio de seguir un ensino no que o alumnado aprenda a coñecerse mellor, adoptaremos o lema de que o alumno aprenda a aprender, mediante o ensino activo, no cal deba mobilizar as súas capacidades de percepción cognitivas, de toma de decisións e execucións, etc. Debemos tender a conceder responsabilidade ao alumno, deixándolle que tome decisións acorde coa súa maduración e desenvolvemento.

Na práctica pode comprobarse que non hai un método de ensino único, nin existe tampouco unha xerarquía de estilos. Nunha mesma sesión podemos utilizar un ou varios estilos á vez en función dos contidos a impartir, as características do alumnado ou as circunstancias do momento.

A metodoloxía en xeral estará deseñada de tal forma que o alumno reflexione máis sobre o porqué e o para que das actividades que realiza, logrando un maior autoconhecimento e autoafirmación de si mesmo/a.

O alumnado debe ser o protagonista do seu propio aprendizaxe, de forma que guiado polo profesor/a sexan eles os que busquen a información a partir de fontes bibliográficas e internet. Para certos aspectos do currículo os temas trátanse mediante a realización de traballos prácticos.

Esta diversidade de metodoloxía ten como finalidade abordar non so os contidos propios da materia, senón ademais poder acadar unha adecuada consecución dos estándares de aprendizaxe e competencias clave, podendo valorar así os distintos aspectos do proceso de ensino mediante a valoración destas distintas estratexias metodolóxicas. As máis empregadas, isto non quere dicir que non se empreguen outras, son as seguintes:

- **Modelo discursivo-expositivo:** Este baséase na exposición e explicación por





parte da profesora dos distintos contidos da materia, utilizando como apoio distintos documentos, esquemas, presentacións, táboas, mapas, gráficas, diagramas, debuxos, fotografías e outros elementos didácticos que axudan á comprensión dos contidos expostos. Para tratar axeitadamente os contidos e para contribuír á adquisición de determinadas competencias, a metodoloxía empregada ten que ter en conta que a ciencia está en permanente construción e revisión e debemos ofrecer a información necesaria realzando o papel activo do alumnado no proceso de aprendizaxe mediante diversas estratexias. Tamén se terá en conta as ideas e coñecementos previos son o punto de partida para conseguir unha aprendizaxe participativa, así como o desenvolvemento dos contidos baixo un plantexamento didáctico que debe incluír: resolución de cuestións, elaboración de informes, utilización das Tic para facer traballos de tipo expositivo, plantexamento de proxectos e tarefas que incentiven a creatividade persoal, etc. Así, ofreceremos ao alumnado a mellor calidade posible na presentación da información, impartindo clases nas que podemos interactuar directamente cos contidos en soporte dixital e na web.

- **Aprendizaxe baseada en investigación:** plantexarase ao alumnado diferentes investigacións relacionadas cos contidos da materia e con temas de actualidade científica para que investiguen sobre eles, elaboren pequenos informes e obteñan as súas propias conclusións.
- **Aprendizaxe práctico:** nas materias de ciencias o aprendizaxe práctico é esencial para o estudo das mesmas. O traballo no laboratorio axuda a comprender e visualizar moitos dos procesos que ocorren na natureza. Durante o vindeiro curso 21/22 e debido á situación sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19, a utilización do laboratorio de bioloxía e xeoloxía poderíase ver reducida.

Por este motivo, polo momento, non se realizarán prácticas no laboratorio como tal, salvo que a situación epidemiolóxica o permita. Isto non significa que non se realicen actividades prácticas, como por exemplo: pequenos experimentos realizados polo profesorado que imparte a materia para visualizar de xeito máis práctico os diferentes contidos ou experimentos sinxelos para realizar na casa titorizados e guiados polo profesorado da materia.

- **Traballo por tarefas (individual e/ou colectivo),** por exemplo:
  - Lectura comprensiva.
  - Observación e interpretación de debuxos, fotografías, mapas, etc.
  - Visualización de vídeos didácticos, presentacións, etc.
  - Elaboración de informes, traballos sobre temas diversos, debuxos, representativos dun tema, exemplificacións, etc.
  - Exposicións orais, de xeito individual o en grupo.
  - Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
  - Análise, interpretación e construción de documentos, gráficos, mapas, táboas



de datos, liñas do tempo, árbores xenealóxicas, etc.

- Resolución de problemas.
- Realización de sopas de letras sobre vocabulario científico.
- Saídas ao medio con exploración activa da realidade.
- Elaboración de cadernos de prácticas e de laboratorio.
- Visitas guiadas a empresas, industrias, museos, espazos verdes, etc.
- Conferencias científicas a cargo de expertos/as.
- Simulacións.

Organizáronse os contidos en Unidades didácticas baseadas en Que e Como aprender, así como en Que e Como avaliar mediante o desenvolvemento dos compoñentes do currículo:

- Obxectivos didácticos.
- Contidos conceptuais, procedementais e actitudinais.
- Criterios de avaliación.

Por todo iso levaranse a cabo diferentes tipos de actividades

- **Actividades de introdución:** para poñer en evidencia as concepcións e os coñecementos previos do alumnado.
- **Actividades de desenvolvemento:** con exposicións interactivas, traballo individual e/ou en pequeno grupo, postas en común ou debate e conclusións no grupo aula. O/a alumno/a ha de ser protagonista da súa propia aprendizaxe e o papel do profesorado será o de ensinalle a aprender. Aprender a ver no contorno as formas e os materiais xeolóxicos, a flora, a fauna, os impactos ambientais, aprender a buscar e seleccionar información, aprender a comprender e a usar vocabulario científico, aprender a traballar no laboratorio, a resolver problemas, a expoñer e defender conclusións,...
- **Actividades de síntese** para afianzar e repasar os coñecementos adquiridos.
- **Actividades de reforzo ou ampliación** para aquel alumnado que o necesite.

As estratexias metodolóxicas adaptaranse aos distintos bloques de contidos establecidos, segundo os obxectivos marcados, os procedementos utilizados e as actitudes que se queren fomentar. Procurarase facer algunha actividade de tipo práctico no laboratorio, sempre que sexa posible.

Para construír coñecemento as clases serán unha combinación de diversas actividades, nas que o profesor/a actuará de guía e mediador buscando a aprendizaxe significativa de todos os estudantes.

Cada unidade traballarase usando as estratexias metodolóxicas máis axeitadas en

cada caso, como por exemplo:

- Exploración dos coñecementos previos.
- Presentación da actividade con textos, fotos, vídeos, noticias, mapas, gráficos, etc.
- Información do profesor/a. Utilizando como soporte físico o libro de texto e as ferramentas TIC o profesorado aportará:
  - Información básica para todo o alumnado.
  - Información complementaria para reforzo e apoio.
  - Información complementaria para afondamento e ampliación.
- Traballo persoal
- Lectura e comprensión de textos.
- Resolución e corrección de exercicios.
- Actividades prácticas.
- Actividades de investigación.
- Reflexión final: mediante actividades de síntese que lles axuden a asimilar as novas ideas ás xa aprendidas, e adquirir unha visión global do tema.

#### **PLAN DE CONTINXENCIA: METODOLOXÍA PARA O ENSINO NON PRESENCIAL**

Se por mor da situación sanitaria provocada pola pandemia da COVID-19 as clases presenciais teñen que ser suspendidas, durante un período de tempo determinado polas autoridades sanitarias, o traballo organizarase da seguinte maneira:

No caso de ter que traballar dende a casa, o alumnado recibirá a través de Edixgal, instrucións claras do traballo a realizar, ofrecéndolle para iso todo o material necesario para a comprensión dos contidos. Dentro deste material contemplanse: apuntamentos, videoconferencia, vídeos explicativos, video-tutoriais de elaboración propia ou allea e/ou actividades de reforzo e ampliación. Así mesmo contémplese a realización de traballos ou tarefas finais para completar a avaliación do alumno

A titorización do traballo do alumnado poderá realizarse da seguinte maneira:

- Por medio das correccións das tarefas entregadas.
- Comunicación por medio da mensaxería da aula virtual e/ou Edixgal e/ou videoconferencias por medio de *Webex*.

O traballo realizado na casa será corrixido da seguinte maneira, segundo as circunstancias:

- Mediante a entrega de ficheiros que oferta a aula virtual e/ou Edixgal ó profesorado para a súa corrección.



- Autoavaliación do alumnado.

. Na ensinanza non presencial, procederase da seguinte maneira:

- Na plataforma Edixgal colgaranse os materiais necesarios para que o alumnado adquira os contidos, estándares e competencias das diferentes unidade didácticas que se traballen durante o período de suspensión da ensinanza presencial, como por exemplo: vídeos propios ou alleos relacionados coa materia, presentacións sobre os contidos, boletíns de exercicios, traballos de investigación, etc.
- Realizarase, cando sexa necesario, videoconferencias por medio da plataforma WEBEX cos diferentes grupos para resolver posibles dúbidas que poidan xurdir. Estas videoconferencias non serán obrigatorias para o alumnado, pero si recomendables.
- O alumnado poderá ter diferentes actividades, proxectos de investigación, etc. que deberán entregar por medio da aula virtual e/ou Edixgal.
- Utilizarase a mensaxería de Edixgal para comunicarse co alumnado.
- Utilizarase a ferramenta Abalar Móbil para comunicarse coas familias.
- Poderase utilizar o correo corporativo do profesorado para resolver as posibles dúbidas o alumnado e/ou as familias.

No caso particular de que algún/algunha ou varios/as alumnos/as falten ás actividades lectivas en días illados, para non interromper o seu proceso de aprendizaxe empregaremos o espazo de traballo de Edixgal correspondente á materia, que conta con contidos teóricos, actividades e tarefas similares ás realizadas de maneira presencial. As explicacións poderán ser por webex, pero tendo sempre de referencia o entorno virtual de Edixgal de cada materia. As actividades poderán ser autoavaliáveis ou para entregar ao profesor por vía telemática ou ao incorporarse ás aulas. A secuenciación das mesmas indicárase pola mensaxería/foro do entorno virtual Edixgal.

## 10. AVALIACIÓN

A avaliación é parte integrante do proceso de ensino-aprendizaxe e debe afectar ó alumno, ó profesor e ó seu método de ensino. Así, a avaliación supón a recollida continua de información durante o proceso de ensino-aprendizaxe, afín de tratar de optimizalo. Neste sentido, a avaliación debe servir:

- Para que o alumnado verifique a validez das súas estratexias de aprendizaxe.
- Para que o profesorado reflexione sobre a validez e pertinencia do seu método e poidan modificalo en consecuencia.



## 10.1 AVALIACIÓN INICIAL

Para poder determinar os coñecementos previos do alumnado e establecer un punto de partida axeitada ás súas necesidades realizarase unha avaliación inicial. Para realizala procederase do seguinte xeito:

- Durante as primeiras semanas de curso realizarase unha serie de probas de diferente natureza sobre os contidos mínimos da materia en cada nivel.
- Seguimento do alumno/a durante o primeiro mes de curso
- Antecedentes de cursos anteriores nas materias do departamento e/ou informe do departamento de orientación sobre o alumnado.

Esta avaliación inicial serve, sobre todo, para detectar alumnado con necesidades específicas e, consecuentemente, determinar as medidas de apoio ou reforzo necesarias para que poda superar os mínimos esixidos no curso de que se trate e, se fose o caso de recuperación de materias pendentes.

A reunión de avaliación inicial, na que tamén participa o departamento de orientación, inclúe unha análise da etapa ou do curso anterior e a información do profesorado titor, é un importante punto de referencia para diagnosticar a situación de partida e obter a mellor solución posible cos recursos dispoñibles. Na avaliación inicial adóptanse as medidas individuais e/ou colectivas que se consideren necesarias e adáptanse ás materias do departamento.

## 10.2 AVALIACIÓN CONTÍNUA

Considerando a avaliación como un proceso continuo e integral que informa sobre a marcha da aprendizaxe, é importante contar co maior número de datos posibles ao longo das diferentes unidades didácticas.

### Procedementos de avaliación

Ao inicio de cada unidade didáctica, poderá realizarse un pequeno cuestionario de xeito oral coa finalidade de detectar os coñecementos previos do alumnado, dos cales se pode partir. Tamén servirá, para poñer de manifesto as habilidades, actitudes e dificultades coas que se atopan os alumnos.

Durante o desenvolvemento de cada unidade didáctica levarase a cabo unha avaliación formativa continua, os alumnos realizarán unha serie de actividades que reflectan a participación e o esforzo realizados.

Ao finalizar as diferentes unidades didácticas e antes de realizar as probas escritas e/ou orais pertinentes, poderán realizarse, cuestionarios ou xogos de repaso para axudar á adquisición dos diferentes contidos.

Nas diferentes probas escritas e/ou orais que se realicen, valoraranse os seguintes aspectos: os coñecementos científicos, a expresión lingüística, a ortografía e a correcta utilización da linguaxe científica.



Terase en conta tamén a revisión periódica de fichas e/ou caderno e outras tarefas (físicas e /ou entregas online). Xunto con isto encargárase a realización de traballos de síntese, investigacións ou de análise crítica. Nestes terase en conta a elaboración do texto e das ilustracións en canto á calidade da información recollida, a variedade de fontes de información, o respecto, a responsabilidade e a autocrítica que demostren e, no caso de ser en grupo, a colaboración e participación entre iguais.

### **Instrumentos de avaliación**

#### **Caderno do alumnado e/ou observación directa (OBS)**

Serve para realizar un análise continuado e sistemático de todas as tarefas e traballo realizados na aula. Recolleranse o maior número de datos que teñen que ver ca evolución do alumnado ó longo do proceso de aprendizaxe, e para iso poderase ter en conta os seguintes datos:

- Iniciativa e interese polo traballo.
- Revisión periódica do caderno do alumnado.
- A participación no traballo dentro e fóra da aula: intervención nos debates, entrega das tarefas en tempo e forma, etc.
- Os hábitos de traballo: si finaliza as tarefas encomendadas no tempo previsto, si revisa o seu traballo, etc.
- Habilidades e destrezas no traballo individual experimental.
- Habilidades e destrezas coas TIC.
- Os avances conceptuais

#### **Probas escritas (PE)**

Estas estarán deseñadas atendendo aos criterios de avaliación e contidos da programación de cada materia do departamento.

#### **Rúbricas (R)**

Para avaliar os diferentes traballos individuais e/ou grupais e calquera outra tarefa encomendada ao alumnado.

#### **Proxectos de investigación (PI)**

Encargárase a realización de traballos de síntese, investigacións ou de análise crítica.

Nestes terase en conta a elaboración do texto e das ilustracións en canto á calidade da información recollida, a variedade de fontes de información, o respecto, a responsabilidade e a autocrítica que demostren e, no caso de ser en grupo, a colaboración e participación entre iguais, etc. Algúns exemplos poden ser:

- Elaboración de murais.
- Presentacións.
- Elaboración de maquetas

#### **Actividades Individuais ou colectivas (A)**

Como por exemplo:

- Búsqueda e síntese de información sobre un tema concreto.
- Fichas de traballo
- Traballos de campo e/ou laboratorio.
- Comentarios de noticias de prensa sobre temas científicos.
- Etc.

### **Probas orais(PO)**

Como por exemplo:

- Exames orais sobre os contidos.
- Debates ou exposicións dos seus propios traballos.
- Resposta a preguntas feitas na clase.
- Lectura de textos do libro ou noticias de prensa.
- Etc.

### **10.3 AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

Aquel alumnado que como resultado da avaliación final ordinaria tivera obtido unha cualificación inferior a 5, deberá realizar unha proba extraordinaria escrita, que versará sobre os contidos mínimos do currículo da materia que non tivera superado. Realizaranse en xuño, nas datas fixadas no calendario de fin de curso.

#### **Instrumentos e procedementos de avaliación**

A avaliación extraordinaria realizarase unicamente en base a unha proba escrita e/ou oral. Esta proba estará puntuada do 0 a 10, onde do 1 ao 4 (ambos incluídos) serán suspensos e do 5 ao 10 (ambos incluídos) serán aprobados.

## **11. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

Os criterios de cualificación aplícanse de xeito xeral para todo o alumnado ao que se lle imparte clase, e son os seguintes:

- Faranse **tres avaliacións** por curso académico.
- Haberá un **exame de recuperación por avaliación** para o alumnado que non a superou, que se fará despois da propia avaliación.
- Ao final do curso haberá un **exame de recuperación xeral** para o alumnado que non superou algunha das avaliacións anteriores.
- As cualificacións das distintas avaliacións que se realicen durante o curso académico, expresáranse con valores numéricos do 1 ao 10, onde do 1 ao 4





(ambos incluídos) serán suspensos e do 5 ao 10 (ambos incluídos) serán aprobados.

- Dado que a avaliación é continua, pero os contidos non son progresivos, a **cualificación da avaliación ordinaria obtense da media aritmética das cualificacións das tres avaliacións do curso.**
- Considerarase superada a materia cando se obteña unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos.
- En todas as avaliacións a suba de nota a número enteiro realizarase a partir do decimal 0,75.
- En cada avaliación haberá como **mínimo unha proba escrita e/ou oral**, que será valorada cunha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos.
  - No caso de que nunha avaliación se realicen máis dunha proba escrita, para o cálculo da cualificación da avaliación correspondente, realizarase a media aritmética das diferentes probas escritas e/ou orais e multiplicarase pola porcentaxe correspondente en cada nivel da materia.
  - As probas escritas, unha vez cualificadas e vistas polos alumnos, serán arquivadas, co fin de poderen ser consultadas polo propio alumnado ou as persoas que os representen (proxenitores ou titores) se así o solicitaran, ou para facer en calquera momento unha análise e seguimento do desenvolvemento da programación e establecer as correspondentes correccións.
- Todo o alumnado terá un caderno de clase e/ou laboratorio, que levará ao día nos apuntamentos, exercicios, actividades, prácticas de laboratorio e outras tarefas propostas polo profesorado.
  - Este caderno será revisado **como mínimo unha vez no trimestre.**
- Se durante unha **proba escrita** se observa unha **conduta de engano e suplantación de coñecemento**, por calquera medio, procederase de dúas formas diferentes segundo sexa o caso:
  - Se o alumno/a é descuberto/a ó comezo da proba, cualificaremos cun 0 as preguntas respondidas ata o momento, requisaremos a “axuda” e o/a alumno/a poderá continuar o exame pero de xeito oral e sendo gravado polo profesorado. Daremos conta do incidente nunha marxe do exame, o/a alumno/a terá que asinalo e informaremos ó seu titor e ós seus responsables legais.
  - Se o alumno é descuberto xa avanzada a proba, esta será anulada na súa totalidade e o/a alumno/a terá que repetila na seguinte sesión lectiva da materia. Darase conta do incidente nunha marxe do exame, o/a alumno/a terá que asinalo e informaremos ó seu titor e responsables legais.



- A partires do momento que o/a alumno/a sexa descuberto realizando esta conduta de engano e/o suplantación de coñecemento realizará as posteriores probas de xeito oral, sendo gravadas polo profesorado.
- Unha **conduta de engano e suplantación de coñecemento**, durante a realización de traballos, caderno de laboratorio ou proxecto de investigación suporá a repetición dos mesmos na súa totalidade e a entrega na seguinte sesión lectiva da materia.
- No caso de non asistir a algunha proba avaliable o alumnado terá que poñerse en contacto co profesorado a través da mensaxería da aula virtual e/ou Edixgal, abalarmóbil ou presencialmente o día mesmo da súa incorporación o Centro para aportar un xustificante válido da súa falta e realizar a proba na primeira sesión lectiva da materia unha vez incorporado. De non facelo así ou de non ser válido o xustificante, a proba será realizada conxuntamente coa seguinte proba oral e/ou escrita programada para a materia, acumulándose deste xeito os contidos que conformarían a proba.
  - Enténdese como xustificantes válidos: a palabra do titor legal (por escrito) de que o alumno se atopaba fisicamente incapacitado para asistir ó exame, o xustificante médico que indique esta imposibilidade, xustificantes de especialistas, certificados de hospitalización/defunción de familiares directos, comprobante do cumprimento de deberes inescusables e similares. No caso de faltas relacionadas coa COVID-19 os representantes legais do alumnado poderán xustificar estas faltas sen ningún tipo de xustificante médico. No caso de faltas reiteradas ás probas por “indisposicións” non xustificadas documentalmente, só se aceptarán xustificantes e certificados oficiais.
- Haberá traballos de clase e/ou proxectos de investigación individuais ou grupais obrigatorios, que terán unha **data de entrega**.
  - Co obxectivo de que o alumno comprenda a importancia da organización e os prazos, cada día fora de prazo respecto á data de entrega das tarefas, traballos, proxectos, ou calquera outra actividade, será descontado un 25% da cualificación final da mesma, a non ser que conte cun xustificante válido, tal e como o explicamos no punto anterior. No caso de dispoñer deste xustificante, o alumno terá que entregar o traballo e o devandito documento xustificativo o día da súa incorporación ó centro, independentemente de que teña ou non sesión lectiva da materia. De non estar presente o profesor, entregárase na conserxería ó seu nome.
  - Farase como mínimo un proxecto de investigación por avaliación. No caso de que se realice máis dun proxecto por avaliación, a nota acadada neste apartado será a media aritmética dos proxectos

- realizados multiplicada pola porcentaxe correspondente en cada nivel da materia.
- No caso que por o motivo que sexa, non se faga ningún traballo e/ou proxecto de investigación nalgunha das tres avaliacións, o valor deste apartado sumarase ao apartado de probas escritas e/ou orais.
  - Nos traballos/proxectos de investigación en grupo aínda que exista unha valoración final do traballo, a nota dos distintos integrantes poderá variar segundo o seu grao de implicación, participación e interese amosado.
  - Como traballos de clase enténdense todos aqueles que o profesorado lle transmita ao alumnado, incluíndo os relacionados coa aula virtual, presentacións, subida de arquivos na rede, etc.
  - No caso de que para completar os contidos e/ou traballo de clase, o/a profesor/a elabore materiais, recompila recursos, etc. e os colgue en plataformas educativas (por exemplo E-dixgal), o alumnado ten a obriga de participar activamente en ditas plataformas educativas.
  - A falta de asistencia á clase do alumnado, suporá a obriga de que este realice todas aquelas tarefas que se desenvolveran na súa ausencia, salvo casos de falta prolongada e xustificada.
  - O alumnado repetidor terá un apoio con exercicios e tarefas adaptadas ao seu ritmo de aprendizaxe.
  - O alumnado que non supere a materia na avaliación ordinaria de xuño, poderá facer unha proba extraordinaria, en xuño, nas datas fixadas no calendario de fin de curso. Esta proba axustarase aos contidos mínimos traballados da materia durante o curso.
    - A cualificación das probas extraordinarias sairá exclusivamente da proba escrita e estará comprendida entre 0 e 10 puntos.
    - Aquele alumnado que non se presente ás probas extraordinarias, terá un non presentado nesta avaliación extraordinaria.
  - Todo alumnado que unha vez realizada a avaliación extraordinaria obtivese unha cualificación inferior a 5, ou non presentado na materia e se deran as circunstancias de promocionar ao seguinte curso, levará a materia pendente.
    - O alumnado con materias pendentes terá un seguimento mediante unha serie de boletíns, que terán data de entrega, despois da cal non se recolleran nin puntuarán os exercicios/boletíns.
    - Este alumnado será examinado das materias pendentes nas datas indicadas polo centro.
  - A cualificación obtida en cada avaliación, por materia e curso, será calculada tendo en conta os seguintes puntos de ponderación e a modalidade de ensino:

**1º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN          | MODALIDADE DE ENSINO |                    |
|-------------------------------------|----------------------|--------------------|
|                                     | PRESENCIAL           | NON PRESENCIAL     |
| PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS          | 60% (ata 6 puntos)   | 50% (ata 5 puntos) |
| CADERNO DO ALUMNO                   | 10% (ata 1 punto)    |                    |
| TRABALLOS e/ou ACTIVIDADES DE CLASE | 15% (ata 1,5 puntos) | 50% (ata 5 puntos) |
| PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN          | 15% (ata 1,5 puntos) |                    |

**3º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN          | MODALIDADE DE ENSINO |                    |
|-------------------------------------|----------------------|--------------------|
|                                     | PRESENCIAL           | NON PRESENCIAL     |
| PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS          | 70% (ata 7 puntos)   | 50% (ata 5 puntos) |
| CADERNO DO ALUMNO                   | 10% (ata 1 punto)    |                    |
| TRABALLOS e/ou ACTIVIDADES DE CLASE | 10% (ata 1 punto)    | 50% (ata 5 puntos) |
| PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN          | 10% (ata 1 punto)    |                    |

**4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN          | MODALIDADE DE ENSINO |                    |
|-------------------------------------|----------------------|--------------------|
|                                     | PRESENCIAL           | NON PRESENCIAL     |
| PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS          | 70% (ata 7 puntos)   | 50% (ata 5 puntos) |
| CADERNO DO ALUMNO                   | 10% (ata 1 punto)    |                    |
| TRABALLOS e/ou ACTIVIDADES DE CLASE | 10% (ata 1 punto)    | 50% (ata 5 puntos) |
| PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN          | 10% (ata 1 punto)    |                    |

**4º ESO CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL (CAAP)**

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN          | MODALIDADE DE ENSINO |                    |
|-------------------------------------|----------------------|--------------------|
|                                     | PRESENCIAL           | NON PRESENCIAL     |
| PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS          | 60% (ata 7 puntos)   | 50% (ata 5 puntos) |
| CADERNO DO ALUMNO                   | 10% (ata 1 punto)    |                    |
| TRABALLOS e/ou ACTIVIDADES DE CLASE | 10% (ata 1 punto)    | 50% (ata 5 puntos) |
| PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN          | 20% (ata 1 punto)    |                    |

**CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA**

| Materias | MODALIDADE DE ENSINO |
|----------|----------------------|
|----------|----------------------|



|                            | Presencial   | NON presencial |
|----------------------------|--|----------------|
| 1º ESO Bioloxía e xeoloxía | Media aritmética das cualificacións das tres avaliacións<br>(Cualificación 1ª avaliación+ cualificación 2ª avaliación + cualificación 3ª avaliación)/3 |                |
| 3º ESO Bioloxía e xeoloxía |  |                |
| 4º ESO Bioloxía e xeoloxía |  |                |
| 4º ESO CAAP                |  |                |

## 12. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

### PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

O seguimento, recuperación e avaliación do alumnado con materias pendentes será levado acabo pola xefa do departamento da seguinte forma:

- Reunión ao principio de curso cos/coas alumnos/as que teñan algunha materia do departamento pendente, para explicarlles o programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes.
- Estarase en contacto cos representantes legais do alumnado repetidor para comentarlles todos aqueles aspectos relevantes na consecución da materia pendente.
- Atención ao alumnado por parte da Xefa do Departamento os mércores de 11:50-12:20 para resolver posibles dúbidas e facer a orientación deste alumnado.
- Poderán realizarse probas parciais dos contidos antes do exame de maio.
- En maio realizarase un exame final, nunha data tamén fixada pola dirección do Centro.
- Actividades de reforzo: o alumno con materias pendentes recibirá un/s boletín/s de exercicios, cuestionarios e actividades de reforzo que versarán sobre os contidos mínimos da materia en concreto. Recibirán estes boletíns nas primeiras semanas do curso. Preténdese con esta medida valorar e premiar o traballo e o interese do alumnado por acadar os obxectivos da materia pendente. Este/s boletín/s terá/n unha data de entrega, despois da cal non serán recollidos nin avaliados.
- Actividades de avaliación: o alumnado levará a cabo durante o curso ademais das actividades de reforzo (que tamén servirán de instrumentos de avaliación), probas escritas e/ou orais.
- Aquel alumnado que non supere a materia na convocatoria ordinaria, poderá presentarse á convocatoria extraordinaria.

#### ***Critérios de cualificación das materias pendentes:***

- Realización de **boletíns de exercicios de repaso e reforzo**.
  - Terán unha data de entrega, a partir desta data non se recollerán nin se avaliarán estes boletíns. No caso de realizar máis dun boletín de exercicios de repaso e reforzo nunha avaliación, a cualificación deste

apartado obterase mediante a media aritmética das cualificacións dos boletíns multiplicado por a ponderación correspondente ao apartado.

- **Probas escritas e/ou orais.**
  - Se o alumnado non entrega os boletíns de exercicios nas datas previstas a cualificación da materia pendente nas correspondentes avaliacións, virá dada exclusivamente pola nota das probas escritas e/ou orais realizadas.
  - No caso de realizar máis dunha proba escrita de pendentes nunha avaliación, a cualificación deste apartado obterase mediante a media aritmética das cualificacións dos exames multiplicado pola ponderación correspondente ao apartado.
- Considerarase a materia aprobada se o alumnado acada unha cualificación igual ou superior a cinco.
- Aquel alumnado que non supere a materia pendente en maio, poderá presentarse ás probas extraordinarias.
  - Esta proba extraordinaria, estará composta unicamente por unha proba escrita, que terá un valor de entre 0 e 10 puntos.

A cualificación obtida en cada avaliación das materias pendentes, será calculada tendo en conta os seguintes puntos de ponderación e a modalidade de ensino:

| <b>INSTRUMENTOS PARA AS AVALIACIÓNS E A AVALIACIÓN ORDINARIA</b>               | <b>MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL/ NON PRESENCIAL</b> |
|--|--|
| PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS   | 50% (ata 5 puntos)                                     |
| BOLETÍNS DE EXERCICIOS   | 50% (ata 5 puntos)                                     |
| FÓRMULA CALCULADA: $(\text{PROBAS} \times 0,5) + (\text{BOLETÍNS} \times 0,5)$ |  |
| <b>INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</b>                           | <b>MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL/ NON PRESENCIAL</b> |
| PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS   | 100% (ata 10 puntos)                                   |

### 13. PLAN DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO REPETIDOR.

Para o alumnado repetidor deseñaranse actividades adaptadas ao nivel de comprensión/asimilación de conceptos, segundo as necesidades de cada alumno/a, orientadas a superar as dificultades detectadas no curso anterior. Tamén se lle facilitará material complementario de apoio en caso de que sexa necesario. Hai que facer un especial seguimento destes alumnos, en colaboración coas súas familias, dado o elevado risco de abandono escolar que se detecta nalgúns deles.

O alumnado na situación de repetición de curso, será obxecto de atención con exercicios e tarefas de reforzo adaptadas ao seu ritmo de aprendizaxe e explicacións adaptadas ao seu ritmo, nivel de comprensión e asimilación dos conceptos. Estas



tarefas de reforzo e repaso están divididas por avaliacións seguindo a programación da materia en concreto e tendo sempre en contra que a programación é un marco de traballo vivo e aberto e pode ser modificada dependendo da evolución e características do alumnado.

Estes exercicios e tarefas puntuarán dentro do apartado de probas escritas e/ou orais ata un 10% (ata un punto), sempre que se entreguen en tempo.

## 14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cos resultados da avaliación inicial (visto no apartado 11. Avaliación da presente programación), adóptanse as medidas individuais e/ou colectivas que se consideren necesarias e adaptacións ás materias do Departamento. As medidas que se poden adoptar son as seguintes:

### 14.1 Reforzo e ampliación.

Non tódolos alumnos teñen as mesmas capacidades e intereses de cara as Bioloxía e Xeoloxía. Para atender a diversidade o Departamento terá en conta algúns aspectos como os seguintes:

- a. Detectar os coñecementos previos que cada alumno ten o comezar o curso, propoñendo actividades de reforzo para aqueles alumnos nos que se detecte un retraso significativo. Nestas actividades de reforzo debe priorizarse o enfoque procedemental sobre o traballo con contidos conceptuais.
- b. Propor actividades de reforzo ou ampliación para alumnos que o necesiten.
- c. Procurar que os novos contidos que se pretenden ensinar sexan axeitados o nivel de desenvolvemento cognitivo dos alumnos.
- d. Intentar que a comprensión dun contido por parte do alumno lle sexa suficiente para facer unha mínima utilización del e para enlazar os contidos que se relacionan con el.

Cos alumnos e alumnas que teñan dificultade para acadar os obxectivos propostos, tratarase de que adquiren os conceptos máis elementais; en canto aos procedementos, que aprendan a obter e seleccionar información e que saiban tratala de xeito crítico e expresala de xeito organizado e intelixible. Nas actitudes pretenderase que adquiren as que se refiren a hixiene, coidado persoal, tolerancia e respecto cara aos demais.

Farase fincapé nas técnicas de estudo e en especial a utilización do material (libro, CD, ferramentas TIC e actividades) para atender ás diferentes necesidades dos alumnos. Tamén se procurará que os materiais sexan atractivos para captar a atención do alumnado.



O sistema de reforzo e ampliación consistirá en traballos e materiais individualizados para cada alumno ou alumna que resolverá autonomamente ou co apoio do profesor ou profesora, se o precisa.

O novo portal web da consellería de cultura, educación e universidade [atención á diversidade](#) ofrece de xeito concentrado diferentes tipos de orientación e unha mostra de recursos, publicacións e ligazóns de interese que contribuirán á atención á diversidade e á orientación, promovendo o desenrolo dunha educación equitativa e de calidade.

### **14.2 Adaptacións curriculares.**

Consisten nunha serie de axustes ou modificacións que se efectúan nos diferentes elementos da proposta educativa desenvolvida para un alumno co fin de responder as súas necesidades educativas especiais ( n.e.e.) e que NON poden ser compartidos polo resto dos seus compañeiros, de tal xeito que non se alteran os compoñentes prescritivos do currículo, é dicir, os obxectivos xerais e os contidos de etapa e de área. É unha medida de reforzo educativo que afecta a elementos non prescritivos do currículo. As modificacións curriculares concretaríanse do seguinte xeito:

#### **Adaptacións na temporalización da aprendizaxe.**

Consiste en dar máis tempo ao alumnado para traballar certos contidos. Deste xeito inténtase dar resposta aos diferentes ritmos de aprendizaxe. Estas adaptacións poden adoitar diferentes formas:

- Alongar o tempo das actividades fundamentais, referidas a un contido, mentres
- resto realiza actividades de ampliación ou ben actividades complementarias.
- Alongar algunha das fases da secuencia de aprendizaxe dentro dunha unidade didáctica, é dicir, dar máis tempo na fase de iniciación, na de xeralización ou na de reforzo.

#### **Adaptacións na metodoloxía da aprendizaxe.**

Na presentación dunha nova unidade didáctica, ou un novo contido:

- Realizar actividades iniciais ou de diagnose, que permitan coñecer o punto de partida de cada alumno/a.
- Informar ao alumnado dos contidos a tratar, explicando as relacións que hai con outros contidos
- Promover a comunicación do alumnado ao redor das cuestións previas, canalizando as preguntas para que poidan ser resoltas
- Promover explicacións a diferente nivel de comprensión.
- Procurar a aprendizaxe de novos contidos a través de xogos.
- Organizar actividades en pequenos grupos compostos por alumnado con diferentes capacidades.
- Distribuír o tempo para que, en función dos ritmos de aprendizaxe, o alumnado poida realizar diferente cantidade de actividades.





- Fomentar a interacción e cooperación entre o alumnado con diferentes capacidades, intereses e estilos de aprendizaxe.
- Facilitar a execución autónoma de tarefas polo alumnado, individualmente o en grupo.

### Adaptacións nos criterios e instrumentos de avaliación:

A avaliación debe tomar como punto de referencia os coñecementos e as competencias previas do alumnado ao inicio da secuencia de aprendizaxe, e reflectir o progreso que se produciu dende eles, e non dende o que de maneira xeral se establece para todo o grupo.

- Os criterios de avaliación terán en conta o nivel dos contidos traballados por cada alumno para avaliar en función del.
- As estratexias e instrumentos a utilizar deben permitir coñecer o grao de aprendizaxe que acadou o alumno, para alén da cualificación.
- Os instrumentos de avaliación serán acordados coa axuda recibida na aprendizaxe.

### 14.3 Outras medidas individuais e colectivas a adoptar

| NECESIDADES INDIVIDUAIS  |   |
|--|---|
| NECESIDADE EDUCATIVA   | RESPOSTA EDUCATIVA  |
| <b>Dificultade puntual</b>   | Reforzos puntuais que se realizarán de forma ocasional.   |
| <b>Desfase curricular significativo</b>  | Adaptacións Curriculares Significativas que se adecuarán ao nivel acadado polo/a alumno/a.  |
| <b>Desfase curricular non significativo</b> (alumnado con dificultades lixeiras, pero que estean en condicións de acadar o grao mínimo de consecución e, polo tanto, poidan superar a materia) | Reforzo educativo con pequenas modificacións nos tempos, actividades metodoloxía, instrumentos e procedementos de avaliación.   |
| <b>Outras necesidades educativas: TDAH</b>   | Terase en conta o establecido no punto 8.1. Anexo 1 apartado 8.1.2 de Prevención e intervención dentro da aula do "Protocolo de consenso sobre o TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.<br><a href="https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18451">https://www.edu.xunta.gal/portal/node/18451</a> |





|   |   |
|---|---|
| <p><b>Outras necesidades educativas:<br/>Altas capacidades</b></p>  | <p>Terase en conta:</p> <p>“Alumnado con altas capacidades”<br/> <a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientación/141/145/144">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientación/141/145/144</a> “Sobredotación intelectual”<br/> <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3700</a></p> <p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con sobredotación intelectual”<br/> <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3630</a></p> <p><a href="#">Protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais</a></p> |
| <p><b>Outras necesidades educativas:<br/>T.E.A</b></p>  | <p>Terase en conta:</p> <p>“Orientacións e respostas educativas: Alumnado con trastornos xeneralizados do desenvolvemento”<br/> <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3655</a></p> <p>“Trastornos xeneralizados do desenvolvemento”<br/> <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3703</a></p> <p><a href="#">ASPERGA</a></p> <p>Protocolo de Tratamento Educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do</p>  |
| <p><b>Outras necesidades educativas:<br/>alumnado con discapacidade intelectual.</b></p>                      | <p>Terase en conta:</p> <p>“Orientacións e respostas educativas”<br/> <a href="http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644">http://www.edu.xunta.es/portal/node/3644</a></p> <p><a href="#">Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de Down e/ou discapacidade intelectual</a></p>  |
| <p><b>Outras necesidades educativas:<br/>Dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe</b></p> | <p><a href="#">Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe</a></p> <p><a href="#">Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe</a></p>   |



|  |   |
|--|---|
| <p><b>Outras necesidades educativas:</b></p> <p><b>Alumnado de incorporación tardía</b></p> <p><b>Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar</b></p>   | <p>Terase en conta :</p> <p><a href="#">Alumnado incorporación tardía</a></p> <p><a href="#">Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar</a></p>   |
| <p><b>Outras necesidades educativas:</b></p> <p><b>Alumnado etnia xitana</b></p>   | <p>Terase en conta:</p> <p><a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientación/141/412">http://www.edu.xunta.gal/portal/diversidadeorientación/141/412</a></p>  |
| <p><b>Outros protocolos a ter en conta:</b></p>  | <p><a href="http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal">http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal</a></p> <p>Protocolo de identidade de xénero.</p> <p>Protocolo de Protección de datos.</p> <p>Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.</p> <p>Protocolo de Atención educativa e domiciliaria/Protocolo de Urgencias Sanitarias.</p> |
| <p><b>NECESIDADES COLECTIVAS</b></p>   |   |
| <p>Determinaranse os desempeños prioritarios que hai que practicar no grupo na materia en concreto.</p> <p>Determinaranse os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos/as para os traballos cooperativos.</p> <p>Determinaranse os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.</p> |   |

## 15. TEMAS TRANSVERSAIS

A educación en valores merece un tratamento especial, porque concirnen directamente aos contidos propios da área: é o caso da Educación ambiental, a Educación para a saúde, a Educación sexual, a Educación do consumidor e a Educación non sexista. Estes temas transversais traballaranse en todas as materias impartidas no departamento.



### **15.1 Educación ambiental.**

O tratamento da Educación ambiental nos textos da área de Bioloxía e Xeoloxía realízase en tres planos: na exposición dos contidos propios das unidades de ecoloxía, en desenvolvementos complementarios que presentan problemas ambientais concretos, e como impregnación xeral de todos os temas.

Nas unidades de ecoloxía preséntanse os contidos básicos que constitúen as grandes cuestións da Educación ambiental. Estes contidos van dirixidos á comprensión da estrutura e compoñentes dos ecosistemas e á contemplación da natureza coma un todo interrelacionado que fará posible a comprensión e a presentación dos problemas ambientais.

En desenvolvementos complementarios ampliáanse convenientemente algúns problemas ambientais, que se estudan e consideran baixo a perspectiva científica achegada polos contidos de ecoloxía. Así, aspectos como a caza das baleas e a súa conseguinte regresión, a destrución dos bosques tropicais, etc., trátanse con certa profundidade e requírese que os alumnos e alumnas apliquen os seus coñecementos para analizar as consecuencias destes problemas.

Todos os temas dos textos da área de Bioloxía e Xeoloxía impártense baixo unha perspectiva de respecto pola natureza. Isto fai que se establezan normas básicas de actuación para non prexudicar os ecosistemas, se valoren as actitudes destinadas a conservar os recursos naturais, se cuestionen adecuadamente as formas de enerxía perigosas para o medio natural e se propoñan formas de investigación respectuosas co contorno.

### **15.2 Educación para a saúde.**

O coñecemento da anatomía humana e a introdución do estudo dos procesos fisiolóxicos máis importantes son a base para a presentación dos temas de Educación para a saúde: con este punto de partida preséntanse temas tan importantes coma a hixiene persoal, a dieta, o deporte e o coñecemento dalgunhas enfermidades (fundamentalmente infecciosas).

Mención especial merece o tratamento das substancias tóxicas ou drogas. Desde unha perspectiva de rexeitamento do uso das drogas, tanto as legais coma as ilegais, e proporcionando a información necesaria, realízase un tratamento destas substancias e dos efectos que producen no organismo. Este estudo é un bo punto de partida para que os alumnos e alumnas, nun momento do seu desenvolvemento en que se está afianzando a súa personalidade, formen unha opinión e reforcen unha actitude adecuada sobre as drogas.

### **15.3 Educación sexual.**

O tratamento da educación sexual realízase sempre dunha forma científica, prudente e respectuosa coa persoa. A educación secundaria obrigatoria, coincide coa adolescencia dos alumnos e alumnas, afóndase no coñecemento dos órganos



reprodutores e a hixiene dos mesmos, trátanse os cambios que se producen nos adolescentes, é dicir, o paso á madurez sexual, e algunhas cuestións que poden suscitar preguntas relativas a estes cambios. Resérvanse para o seguinte ciclo informacións sobre a conduta sexual, as técnicas de control da natalidade, a reprodución asistida, etc.

#### **15.4 Educación para o consumidor.**

Desde o punto de vista da Bioloxía e Xeoloxía, a Educación para o consumidor está estreitamente relacionada cos contidos da Educación ambiental. Aspectos relativos ao uso responsable dos recursos naturais, tales como a auga, as materias primas, as fontes de enerxía, etc., e a crítica da presión consumista que dana á natureza acelerando o uso dos recursos non renovables e xerando toneladas de lixo non biodegradable, implican a ambos os temas transversais.

Outros contidos da Educación do consumidor, coma a elección dos alimentos adecuados, a lectura dos compoñentes dos alimentos preparados, a verificación de que se cumpren as normas e recomendacións de conservación e manipulación dos alimentos, e a comprobación da data de caducidade, son aspectos que entran no campo da Educación para a saúde.

#### **15.5 Educación non sexista.**

Preséntase á muller en situacións de igualdade respecto ao home, tanto no ámbito do traballo científico coma noutros cotiáns. Por outra parte, utilízase unha linguaxe «coeducativa» en todo momento, excluindo calquera discriminación por razón de sexo. Esta situación real debe servir como base para realizar unha Educación para a igualdade de oportunidades que se estenda non só ao contorno científico, senón a todos os aspectos da vida cotiá.

### **16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

Sendo o principal obxecto de calquera Proxecto Lingüístico e Lector de Centro espertar nos alumnos e alumnas o interese pola lingua e pola lectura, facendo deles uns lectores competentes e autónomos, este departamento propón unha serie de actividades nos distintos niveis educativos que expoñemos a continuación

#### **1º de E.S.O**

A actividade lectora basearase nos documentos recollidos nos contidos das diferentes editoriais de EDIXGAL, e en diversos artigos xornalísticos, convenientemente seleccionados, que completen aspectos relacionados coa natureza dos contidos desenvolvidos ó longo do curso. Paralelamente poderá recomendarse a lectura de algún libro. Fomentarase, ademais, a busca de



información directamente conectada cos contidos curriculares ou aspectos complementarios, brindando ao alumnado certa autonomía nesta tarefa

### **3º de E.S.O**

A actividade lectora basearase nos documentos recollidos no material de E-dixgal e en diversos artigos xornalísticos, convenientemente seleccionados, que completen aspectos relacionados coa natureza dos contidos desenvolvidos ó longo do curso. Paralelamente poderá recomendarse a lectura de algún libro. Fomentarse, ademais, a busca de información directamente conectada cos contidos curriculares ou aspectos complementarios, brindando ao alumnado certa autonomía nesta tarefa

### **4º de E.S.O**

A actividade lectora basearase nos documentos recollidos en E-dixgal e en diversos artigos xornalísticos, convenientemente seleccionados, que completen aspectos relacionados coa natureza dos contidos desenvolvidos ó longo do curso. Paralelamente poderá recomendarse a lectura de algún libro. Fomentarse, ademais, a busca de información directamente conectada cos contidos curriculares ou aspectos complementarios, brindando ao alumnado certa autonomía nesta tarefa.

## **17. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO**

Neste curso 2021-2022 implantarase o proxecto E-dixgal en 3º e 4º da ESO, co cal, todo o alumnado do centro disporá do seu propio portátil. Ademais todas as aulas están provistas de canón, ordenador e encerado dixital. Como outros departamentos do centro, poderemos acceder, sempre e cando se solicite e estean dispoñibles, ás aulas de informática que presentan computadores, canón e encerado dixital. O profesorado tamén poderá dispoñer do seu propio portátil persoal cedido tamén grazas ao proxecto E-dixgal.

O alumnado recibirá recomendacións de páxinas de internet para afondar en distintos coñecementos. Por outra banda, suxerirase ao alumnado a confección de traballos usando programas de utilidade para as distintas materia.

## **18. ACCIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

A mellora da convivencia no ámbito escolar do Centro debe ser tarefa na que estean implicados todos os sectores da comunidade educativa e tamén debe ser o eixo sobre o que dar resposta á complexidade que supón o traballo docente directo co alumnado que no sempre ten adquirido hábitos de convivencia, de respecto mutuo e de participación responsable na vida do Centro. Nos centros educativos debe existir un ambiente de traballo positivo que favoreza a transmisión de coñecementos e de valores. En determinadas circunstancias prodúcense condutas que son contrarias ás



normas de convivencia que dificulta a labor educativa. Entre as condutas contrarias ás normas de convivencia, podemos sinalar como máis frecuentes:

- a) Actos de indisciplina, incorrección, e desconsideración ao profesorado, ao alumnado e a outros membros da comunidade educativa.
- b) Condutas que impiden e dificultan aos compañeiros o exercicio do dereito ou o cumprimento de deber de formación e traballo.
- c) Condutas disruptivas que dificultan o normal desenvolvemento das actividades do Centro.
- d) Deterioro das condicións de limpeza do Centro.
- e) Faltas inxustificadas de asistencia e puntualidade.
- f) Acudir a clase sen o material necesario ou non realizar as tarefas requiridas.
- g) Causar dano ou deterioro no material do Centro ou dos membros da comunidade educativa.
- h) Incitar ou estimular á comisión de faltas contrarias ás normas de convivencia do Centro.

O Departamento de Bioloxía e Xeoloxía abordará as condutas contrarias as normas de convivencia segundo o protocolo establecido no Plan de Convivencia que se elabore no Centro. Así mesmo, intentará fomentar a aprendizaxe cooperativa, reforzar as condutas positivas sobre as negativas e implicar ao alumnado no cumprimento das normas e nas consecuencias que se deriven do seu incumprimento. Dado que, como xa sinalamos con anterioridade, nos centros educativos debe existir un ambiente de traballo positivo que favoreza a transmisión de coñecementos e valores, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía entende que na ESO, convén facer explícitos os valores que afectan tanto o traballo na aula coma o ámbito que nos rodea.

Por iso, incluímos na programación dos distintos niveis e materias estándares de aprendizaxe e actividades de aprendizaxe que inciden na perseveranza, no gusto persoal polo traballo ben feito, na presentación ordenada de traballos, na precisión, na colaboración con compañeiros e compañeiras para realizar unha aprendizaxe cooperativa, na responsabilidade á hora de facerse cargo de pequenas tarefas para o progreso do grupo, nos hábitos saudables con respecto á alimentación e o coidado do corpo, no respecto polos seres vivos do ámbito, co fin de concienciar sobre a necesidade da conservación da biodiversidade, de fomentar o respecto polos ecosistemas, no respecto polas distintas teorías que nos foron conducindo ata os coñecementos actuais, converténdose na base para desenvolver teorías modernas cun carácter máis científico e tecnolóxico.

## **19. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**



Fomentarase a participación do alumnado nos proxectos que están a desenvolverse no centro e relacionados cos obxectivos e contidos da materia. O alumnado participara nas actividades de tipo saídas e visitas que se consideren de interese segundo as ofertas e posibilidades do centro e do alumnado. Estas actividades están suxeitas a posibles cambios.

Este Departamento ten previsto realizar actividades, para as cales non se pode establecer os grupos exactos aos que van dirixidas, xa que poden estar suxeitas a combinacións dos mesmos no caso de non haber alumnado suficiente. A temporalización tampouco se marca de forma fixa, posto que moitas delas depende das condicións climáticas do momento.

Hai que ter en conta que as actividades propostas levaranse a cabo tendo en conta os seguintes criterios: posibilidades económicas, adaptación ao currículo, adaptación aos horarios e outras actividades organizadas polo centro.

Neste curso 2021/2022 e debido á situación sanitaria orixinada pola pandemia da COVID-19, o departamento non realizará ningunha actividade complementaria e/ou extraescolar. Se a situación mellorase en algún momento durante o curso, este departamento podería facer as seguintes actividades extraescolares e complementarias:

### **1º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

Charlas científicas axeitadas. Data prevista: Sen determinar, xa que nos adaptaremos a dispoñibilidade do/a conferenciante convidado/a.

### **3º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

Charlas científicas axeitadas. Data prevista: Sen determinar, xa que nos adaptaremos á dispoñibilidade do/a conferenciante convidado/a.

Saída para coñecer a xeoloxía da contorna e/ou visita a museos científicos. Estas saídas dependeran das posibilidades económicas do departamento de bioloxía e xeoloxía. Datas sen determinar.

### **4º ESO BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**

Charlas científicas axeitadas. Data prevista: Sen determinar, xa que nos adaptaremos á dispoñibilidade do/a conferenciante convidado/a.

Saída para coñecer a xeoloxía da contorna e/ou visita a museos científicos. Estas saídas dependeran das posibilidades económicas do departamento de bioloxía e xeoloxía. Datas sen determinar.



## **4º ESO CIENCIAS APLICADAS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL**

Charlas científicas axeitadas. Data prevista: Sen determinar, xa que nos adaptaremos á dispoñibilidade do/a conferenciante convidado/a.

### **CONMEMORACIÓNS**

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2021: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2021: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2021: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2021: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2022: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2022: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 24 de febreiro de 2022: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2022: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2022: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 7 ao 11 de marzo de 2022: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2022: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 18 e o 22 de abril de 2022: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2022: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2022: Día de Europa.
- Do 16 ao 20 de maio de 2022: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2022: Día Mundial do Medio Ambiente.

## **20. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

### **1º ESO**

Co obxectivo de valorar o grao de consecución das competencias clave por parte do alumnado de 1º de ESO na materia de Bioloxía e Xeoloxía, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía poderá utilizar a seguinte táboa na que se inclúen os diferentes indicadores e a súa relación co grao de adquisición das competencias clave.





Grao de consecución: 1 (moi baixo), 2 (baixo), 3 (medio), 4 (alto), 5 (moi alto)

| COMPETENCIAS CLAVE   | INDICADORES |  | GRAO DE CONSECUCIÓN |   |   |   |   |                   |
|--|-------------|--|---------------------|---|---|---|---|-------------------|
|  |             |  | 1                   | 2 | 3 | 4 | 5 | Total (do 1 ao 5) |
| <b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)</b>  | <b>A1</b>   | Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais   |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>A2</b>   | Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación e coherencia.  |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>A3</b>   | Manter unha actitude favorable cara á lectura e sobre a importancia da precisión na utilización dos termos científico.   |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>A4</b>   | Comprender o sentido estrito dos textos escritos e orais.  |                     |   |   |   |   |                   |
| <b>COMPETENCIA MATEMÁTICA<br/>COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)</b> | <b>B1</b>   | Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.   |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>B2</b>   | Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá  |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>B3</b>   | Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica. Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. |                     |   |   |   |   |                   |

|  |           |  |  |  |  |  |  |  |
|--|-----------|--|--|--|--|--|--|--|
|  | <b>B4</b> | Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.  |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>B5</b> | Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no ámbito natural e as repercusións para a vida futura.            |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>B6</b> | Respectar e preservar a vida dos seres vivos do seu ámbito   |  |  |  |  |  |  |
| <b>COMPETENCIA DIXITAL (CD)</b>                              | <b>C1</b> | Empregar distintas fontes para a busca de información  |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>C2</b> | Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.  |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>C3</b> | Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversa                              |  |  |  |  |  |  |
| <b>CONCIENCIA EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)</b>                | <b>D1</b> | Elabora traballos con sentido estético.  |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>D2</b> | Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e o gusto pola estética no ámbito cotián. |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>D3</b> | Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.                                |  |  |  |  |  |  |
| <b>COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)</b>                     | <b>E1</b> | Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.  |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>E2</b> | Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.  |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>E3</b> | Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.                              |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>E4</b> | Concibir unha escala propia de valores e actuar conforme a ela   |  |  |  |  |  |  |
| <b>SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPREENDEDOR (CSIEE)</b> | <b>F1</b> | Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.  |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>F2</b> | Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.   |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>F3</b> | Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.   |  |  |  |  |  |  |

|                                    |           |   |  |  |  |  |  |  |
|------------------------------------|-----------|---|--|--|--|--|--|--|
|                                    | <b>F4</b> | Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos |  |  |  |  |  |  |
| <b>APRENDER<br/>APRENDER (CAA)</b> | <b>A</b>  | <b>G1</b>   | Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos                  |  |  |  |  |  |
|                                    |           | <b>G2</b>   | Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que seguir no proceso de aprendizaxe. |  |  |  |  |  |
|                                    |           | <b>G3</b>   | Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.  |  |  |  |  |  |

### 3º ESO

Co obxectivo de valorar o grao de consecución das competencias clave por parte do alumnado de 3º de ESO na materia de Bioloxía e Xeoloxía, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía poderá utilizar a seguinte táboa na que se inclúen os diferentes indicadores e a súa relación co grao de adquisición das competencias clave.

**Grao de consecución: 1 (moi baixo), 2 (baixo), 3 (medio), 4 (alto), 5 (moi alto)**

| COMPETENCIAS CLAVE   | INDICADORES |  | GRAO DE CONSECUCIÓN |   |   |   |   |                   |
|--|-------------|--|---------------------|---|---|---|---|-------------------|
|  |             |  | 1                   | 2 | 3 | 4 | 5 | Total( do 1 ao 5) |
| <b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)</b>  | <b>A1</b>   | Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais   |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>A2</b>   | Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación e coherencia.  |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>A3</b>   | Manter unha actitude favorable cara á lectura e sobre a importancia da precisión na utilización dos termos científico.   |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>A4</b>   | Comprender o sentido estrito dos textos escritos e orais.  |                     |   |   |   |   |                   |
| <b>COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA (CMCCT)</b> | <b>B1</b>   | Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.   |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>B2</b>   | Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá  |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>B3</b>   | Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica. Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas. |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>B4</b>   | Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.  |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>B5</b>   | Desenvolver e promover hábitos de vida saudables en canto á alimentación, exercicio físico., etc.  |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>B6</b>   | Tomar conciencia da importancia do estudo da anatomía e a fisioloxía dos distintos sistemas e aparatos implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.   |                     |   |   |   |   |                   |
|  | <b>B7</b>   | Tomar conciencia da importancia do estudo dos axentes xeolóxicos para a prevención de posibles catástrofes..   |                     |   |   |   |   |                   |

|   |           |  |  |  |  |  |  |  |  |
|---|-----------|--|--|--|--|--|--|--|--|
| <b>COMPETENCIA DIXITAL (CD)</b>                 | <b>C1</b> | Empregar distintas fontes para a busca de información  |  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>C2</b> | Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.  |  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>C3</b> | Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversa                              |  |  |  |  |  |  |  |
| <b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)</b> | <b>D1</b> | Elabora traballos con sentido estético.  |  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>D2</b> | Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e o gusto pola estética no ámbito cotián. |  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>D3</b> | Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.                                |  |  |  |  |  |  |  |
| <b>COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)</b>        | <b>E1</b> | Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e de ideas.   |  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>E2</b> | Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.  |  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>E3</b> | Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.                              |  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>E4</b> | Concibir unha escala propia de valores e actuar conforme a ela   |  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>E5</b> | Coñecer a dimensión social e ética dos coñecementos científicos.   |  |  |  |  |  |  |  |
| <b>SENTIDO DE</b>                               | <b>F1</b> | Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.  |  |  |  |  |  |  |  |

|  |          |           |   |  |  |  |  |  |  |
|--|----------|-----------|---|--|--|--|--|--|--|
| <b>INICIATIVA<br/>ESPÍRITO<br/>EMPRENDEDOR<br/>(CSIEE)</b> | <b>E</b> | <b>F2</b> | Xerar novas e diverxentes posibilidades desde os coñecementos previos do tema.  |  |  |  |  |  |  |
|  |          | <b>F3</b> | Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.  |  |  |  |  |  |  |
|  |          | <b>F4</b> | Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos   |  |  |  |  |  |  |
| <b>APRENDER<br/>APRENDER<br/>(CAA)</b>                     | <b>A</b> | <b>G1</b> | Coñecer as técnicas de traballo que permiten integrar os contidos.  |  |  |  |  |  |  |
|  |          | <b>G2</b> | Utilizar estratexias para mellorar a atención, a concentración e a memoria ao adquirir os contidos fundamentais da área e aplicarlos para alcanzar un coñecemento propio. |  |  |  |  |  |  |
|  |          | <b>G3</b> | Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos   |  |  |  |  |  |  |
|  |          | <b>G4</b> | Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que seguir no proceso de aprendizaxe.  |  |  |  |  |  |  |
|  |          | <b>G5</b> | Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.   |  |  |  |  |  |  |



### 4º ESO

Co obxectivo de valorar o grao de consecución das competencias clave por parte do alumnado de 4º de ESO na materia de Bioloxía e Xeoloxía, o Departamento de Bioloxía e Xeoloxía poderá utilizar a seguinte táboa na que se inclúen os diferentes indicadores e a súa relación co grao de adquisición das competencias clave.

**Grao de consecución: 1 (moi baixo), 2 (baixo), 3 (medio), 4 (alto), 5 (moi alto)**

| COMPETENCIAS CLAVE                           | INDICADORES |   | GRAO DE CONSECUCCIÓN |   |   |   |   |                       |
|--|-------------|---|----------------------|---|---|---|---|-----------------------|
|  |             |   | 1                    | 2 | 3 | 4 | 5 | Total<br>( do 1 ao 5) |
| <b>COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA (CCL)</b>        | <b>A1</b>   | Comprender o sentido dos textos orais e escritos.   |                      |   |   |   |   |                       |
|  | <b>A2</b>   | Utilizar o vocabulario adecuado, as estruturas lingüísticas e as normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos e orais.                                 |                      |   |   |   |   |                       |
|  | <b>A3</b>   | Manter unha actitude favorable cara á lectura.  |                      |   |   |   |   |                       |
|  | <b>A4</b>   | Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.   |                      |   |   |   |   |                       |
| <b>COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS</b> | <b>B1</b>   | Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas, comprender o que acontece ao noso redor e responder a preguntas.                            |                      |   |   |   |   |                       |
|  | <b>B2</b>   | Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.  |                      |   |   |   |   |                       |
|  | <b>B3</b>   | Coñecer e utilizar os elementos matemáticos básicos: operacións, magnitudes, porcentaxes, proporcións, formas xeométricas, criterios de medición e codificación numérica. |                      |   |   |   |   |                       |
|  | <b>B4</b>   | Organizar información utilizando procedementos matemáticos.   |                      |   |   |   |   |                       |



|  |           |   |  |  |  |  |  |  |
|--|-----------|---|--|--|--|--|--|--|
| <b>BÁSICAS EN<br/>CIENCIA E<br/>TECNOLOXÍA<br/>(CMCCT)</b> | <b>B5</b> | Comprender e interpretar a información presentada en formato gráfico.   |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>B6</b> | Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante en distintos ámbitos (biolóxico, xeolóxico, físico, químico, xeográfico, .....). |  |  |  |  |  |  |
|  | <b>B7</b> | Resolver problemas seleccionando os datos e as estratexias apropiadas.  |  |  |  |  |  |  |



|   |            |   |  |  |  |  |  |  |
|---|------------|---|--|--|--|--|--|--|
|   | <b>B8</b>  | Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>B9</b>  | Interactuar co contorno natural de xeito respectuoso.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>B10</b> | Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>B11</b> | Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.  |  |  |  |  |  |  |
| <b>COMPETENCIA DIXITAL (CD)</b>                 | <b>C1</b>  | Empregar distintas fontes para a busca de información   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>C2</b>  | Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>C3</b>  | Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversa   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>C4</b>  | Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>C5</b>  | Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.  |  |  |  |  |  |  |
| <b>CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS (CCEC)</b> | <b>D1</b>  | Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e o gusto pola estética no ámbito cotián.  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>D2</b>  | Aprecia os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>D3</b>  | Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes (artístico-literaria, etnográfica, científico- técnica..), e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento. |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>D4</b>  | Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.  |  |  |  |  |  |  |
| <b>COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA (CSC)</b>        | <b>E1</b>  | Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>E2</b>  | Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para a resolución de problemas.  |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>E3</b>  | Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.   |  |  |  |  |  |  |



|   |           |   |  |  |  |  |  |  |
|---|-----------|---|--|--|--|--|--|--|
|   | <b>E4</b> | Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos. |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>E5</b> | Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.                               |  |  |  |  |  |  |
| <b>SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR (CSIEE)</b> | <b>F1</b> | Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.                            |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>F2</b> | Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.                                   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>F3</b> | Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias                                 |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>F4</b> | Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.            |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>F5</b> | Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>F6</b> | Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos dun tema.                  |  |  |  |  |  |  |
| <b>APRENDER A APRENDER (CAA)</b>                            | <b>G1</b> | Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.                        |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>G2</b> | Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>G3</b> | Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.   |  |  |  |  |  |  |
|   | <b>G4</b> | Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.                    |  |  |  |  |  |  |



## 21. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO DA PRÁCTICA DOCENTE

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e do desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permiten avaliar o funcionamento do traballo programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

### *Indicadores de logro do proceso de ensino*

|  | Escala |   |   |   |
|--|--------|---|---|---|
|  | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.               |        |   |   |   |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.              |        |   |   |   |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.    |        |   |   |   |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.                            |        |   |   |   |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.         |        |   |   |   |
| 6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.             |        |   |   |   |
| 7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.  |        |   |   |   |
| 8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. |        |   |   |   |
| 9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.                                |        |   |   |   |
| 10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.                                   |        |   |   |   |
| 11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.                             |        |   |   |   |
| 12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.     |        |   |   |   |



### Indicadores de logro da práctica docente

|   | Escala |   |   |   |
|---|--------|---|---|---|
|   | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.  |        |   |   |   |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.  |        |   |   |   |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.  |        |   |   |   |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.   |        |   |   |   |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.  |        |   |   |   |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo.   |        |   |   |   |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.  |        |   |   |   |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.   |        |   |   |   |
| 9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.   |        |   |   |   |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.  |        |   |   |   |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.  |        |   |   |   |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. |        |   |   |   |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.                                    |        |   |   |   |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.   |        |   |   |   |
| 15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.  |        |   |   |   |
| 16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.  |        |   |   |   |
| 17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...  |        |   |   |   |



## 22. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

A valoración efectuarase a través de tres mecanismos:

- Mediante revisións periódicas do departamento, porase de manifesto o grao de cumprimento da programación, os cambios que se vaian producindo e as súas causas, así como a análise das dificultades atopadas.

- Ao final de cada avaliación farase unha reflexión sobre as cualificacións obtidas polos alumnos e nivel de consecución dos obxectivos previstos para ese trimestre e, de ser o caso, suxeriranse medidas de mellora no ámbito metodolóxico.

- Por último, valorarase a programación ao confeccionar a memoria final del curso, onde se verá o grao de eficacia obtido ao aplicar a programación durante todo o curso. Na memoria final é onde se determinarán os aspectos que se consideran positivos e aspectos negativos e, polo tanto, alí explicárase o que hai que modificar ou manter.

En función dos distintos indicadores de logro avaliados ao longo do curso, entre os meses de xullo e setembro realizarase polo departamento as modificacións pertinentes á programación.

Para sistematizar a revisión, avaliación e a necesidade de modificación da programación utilizaremos a seguinte táboa de indicadores.

|  | Escala |   |   |   |
|--|--------|---|---|---|
|  | 1      | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. |        |   |   |   |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.         |        |   |   |   |
| 3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.            |        |   |   |   |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.           |        |   |   |   |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.                                   |        |   |   |   |
| 6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.                                   |        |   |   |   |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.                       |        |   |   |   |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.                                 |        |   |   |   |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.                                |        |   |   |   |
| 10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.   |        |   |   |   |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.  |        |   |   |   |
| 12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).  |        |   |   |   |
| 13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.              |        |   |   |   |
| 14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.                        |        |   |   |   |
| 15. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua:                                |        |   |   |   |



|   |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|
| probas, traballos, etc.   |  |  |  |  |
| 16. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.                       |  |  |  |  |
| 17. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.  |  |  |  |  |
| 18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.                                       |  |  |  |  |
| 19. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.                                |  |  |  |  |
| 20. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.                             |  |  |  |  |
| 21. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.   |  |  |  |  |
| 22. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.                              |  |  |  |  |
| 23. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.  |  |  |  |  |
| 24. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.                           |  |  |  |  |
| 25. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. |  |  |  |  |
| 26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.                          |  |  |  |  |
| 27. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.                                     |  |  |  |  |
| 28. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.  |  |  |  |  |
| 29. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.  |  |  |  |  |

Barro, a 15 de setembro de 2021.

Patricia Carracedo Durán

Xefa do Departamento de Bioloxía e Xeoloxía





## 23. ANEXO MODIFICACIÓN Á PROGRAMACIÓN DO CURSO 2021/2022 DO DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.

Considerando a **ORDE do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia faise necesario realizar as seguintes modificacións á programación do departamento de bioloxía e xeoloxía.

O indicado na programación sobre a avaliación extraordinaria, desaparece trala orde mencionada con anterioridade. A terceira avaliación realizarase o día 7 de xuño de 2022 e a avaliación ordinaria o 23 de xuño de 2022.

Os apartados e/ou oracións que quedan sen efecto e son suprimidos serían os seguintes:

- **10.3 Avaliación extraordinaria.**
- **11. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**, todos aqueles puntos que traten sobre a avaliación extraordinaria.
- **12. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**, os apartados e/ou oracións que corresponden á avaliación extraordinaria.

Entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria realizaranse actividades e/ou tarefas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoria.

Debido a que desaparecen as probas e/ou exames da avaliación extraordinaria, o sistema para a recuperación das partes non superadas será o seguinte:

- Tarefas, actividades, traballos ou probas sobre os contidos non superados para o alumnado que teña unha cualificación inferior a 5, nalgunha das tres avaliacións previas, en todas as materias e niveis que imparte o departamento.
- Estas tarefas, actividades, traballos ou probas sobre os contidos non superados realizaranse no período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación ordinaria.

Debido a estes cambios, o apartado **2 Base lexislativa da programación** inclúe, a partir destas modificacións, a citada orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se



actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia .

NOTA: Os apartados eliminados na presente programación estan subliñados en cor vermella.